Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Fauna

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

## *Cobras na Casa da Pesquita*

José Díaz, da Casa da Pesquita do Pereiro, concello de Alfoz (Lugo), estivo algún tempo en Madrid e cando regresou a nai díxolle que na casa había cobras.

□Eso no es nadia □contestoulle el□, hastra que las cobras señan tantas que se percise un piquete de caballería para matarlas.

Nunca tal dixera. A casa encheuse de cobras longas e grosas. Aganchaban polas paredes e pola xente, índa que sen mancala.

Polas noites as cobras cantaban deste xeito:

□¡Cro! ¡Cro! ¡Cro!

Ningún veciño quería entrar en Cas da Pesquita e ata os da casa andaban retortos.

José, víñanlle as bágoas aos ollos e choraba, dixo:

□¡Non volverei yo a botar ningunha soberbia. ¡Nosa Señora veña en aúda desta casa!

A nai de José falou con don Francisco, crego do Pereiro, e levouno á casa. Don Francisco persignouse, fixo cruces cunha navalla en todas as portas e ventás, abriu un libro que levaba e rezou por el para acabar botando catro bendicións e dicindo a berros:

□¡Sallan d□esta casa cantas cobras haiga ne-ella!

Desde aquel día nunca se volveron a ver as cobras na Casa da Pesquita.

## BIBLIOGRAFÍA

LENCE-SANTAR, E.; Etnografía Mindoniense, (edición de A. Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela, 2000.